# Ferramenta de autor

A ferramenta de autor permite crear contidos e exercicios enriquecidos, similares ós que son aportados polas editoriais. Está baseada nos elementos H5P que poden integrarse nas aulas virtuais (Moodle) das webs dos centros.

RECOMÉNDASE USAR NO SEU LUGAR ACTIVIDADES H5P DIRECTAMENTE POSTO QUE É MÁIS SINXELO E OFRECE MÁIS FUNCIONALIDADES.

Nas aulas virtuais das webs dos centros podemos crear contidos e exercicios usando H5P (ou combinar ambos en "column", "books" ou "presentation".

No EVA-Edixgal contamos unha versión "modificada" destes elementos H5P, no que se denomina a Ferramenta de autor, que ademais conta cun repositorio de contidos da comunidade que poden compartirse.

O propio EVA conta cunha extensa guía onde se explica o uso e funcionamento da ferramenta de autor. Podes acceder a ela seguindo estes pasos:




Se xa sabes usar o HP5 na aula virtual, a ferramenta de autor resultarache familiar, se ben inicialmente pareza que o funcionamento e totalmente diferente.

Similitudes/e diferencias entre o funcionamento da "ferramenta de autor" e o "H5P" do EVA.

| H5P (Moodle aula virtual) | FERRAMENTA DE AUTOR (EVA) |
|---|---|
| Inclúense nun tema do curso da aula virtual directamente (desde engadir actividade ou recurso) | Os proxectos creados inclúense nos temas da materia desde a ferramenta de autor escollendo a opción publicar SCORM (este SCORM) tamén se pode descargar e usar noutras plataformas compatibles. |
| Podemos engadir "soltos" calquera dos elementos HP5 ou ben combinados como "column", "book" ou "presentation" | Só podemos publicar os proxectos que á súa vez inclúan exercicios e contidos. Non se pode publicar un exercicio ou contido solto.<br>De feito teremos primeiro que crear os exercicios e/ou contidos que logo queiramos meter no proxecto. |
| Os elementos interactivos que podemos elexir aparecen nun único listado, tanto sexan exercicios, contidos como a combinación de ambos. | O elementos a engadir divídense tres listados diferentes:<br>• contidos estáticos (os elementos h5p que únicamente amosan contido)<br>• exercicios (elementos h5p que permiten interactuar ó alumno/a)<br>• proxectos (elementos h5p que combinan os dous anteriores. |
| Podes empregar recursos H5P creados por outras persoas "usando a opción UPLOAD" e subindo o arquivo .h5p. Tamén sería posible se está empaquetado como SCORM. | Podes empregar proxectos do repositorio do EVA ou ben aqueles empaquetados como SCORM, pero non os .h5p directamente. |
| Podes atopar elementos h5p xa creados na páxina da comunidade de www.h5p.org (maioritariamente en inglés) | Existe un repositorio de contidos dentro o EVA, no cal que poden compartir creacións entre os usuarios. |

## Equivalencia de conceptos:

Ambas plataformas conteñen os mesmos exercicios e contidos H5P aínda que poden estar "nomeados de forma diferente".

| H5P (Moodle Aula virtual) | FERRAMENTA DE AUTOR (EVA) |
|---|---|
| Elementos que combinan contidos e exercicios: | Elementos que combinan contidos e exercicios: |

| | |
|---|---|
| • “course presentation”<br>• “column”<br>• “interactive book” | • Proxectos |
| Elementos individuais:<br>• “Acordion”<br>• “Aritmetic” • “Drag and Drop”.<br>• ...<br>• etc | Elementos individuais:<br>• Exercicios: ◦ “Arrastrar” ◦ ... ◦ etc<br>• Contidos: ◦ “Acordeón” ◦ .... ◦ etc |